

A Coruña, a 24 de novembro de 2023.	
<b>Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación</b>	
<b>ASUNTO:ACTA N°1 TEMP 2023-2024.</b>	
<b>Equipos participantes: C.M.Ferrol- C.W.Lugo.</b>	
<b>Competición:Liga Galega Waterpolo Cadete.</b>	
<b>Data de celebración:19/11/2023.</b>	
<b>FEITOS</b>	<p>. O día 21 de novembro foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos arbitros do encontro no que se recolle:</p> <p style="text-align: center;"><i>"El equipo Local, Club Marina Ferrol, presenta una foto del DNI (a través de un móvil) a las 16:50, del jugador con número 5 D°Uriel Collazo Montes, con número de licencia 1205753."</i></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• O mesmo día 21 deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.</li></ul>
<b>CONSIDERANDO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.</li><li>• Sentado o anterior, o artigo 5.3.1 da Normativa Xeral de Waterpolo para esta tempada 23/24, recolle a obriga de identificación dos xogadores "<i>Todos los miembros de los dos equipos deben ir acreditados (ficha, DNI o carnet de conducir.</i>" Do exposto na acta o certo é que o club ao que pertence o xogador exhibe o DNI do xogador, se ben a través dunha foto do móbil o cal non é moi ortodoxo, posto que non é o orixinal nin copia compulsada. Pero neste caso, sendo so un xogador o que non exhibe o DNI orixinal, e sobre todo tendo en conta a categoría na que estamos, entendemos que os feitos relatados que non deben ser obxecto de sanción.</li></ul>
<b>RESOLVE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• O arquivo do presente expediente.</li></ul>
Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.	
D. Miguel Dios Blanco. Comité de Competición da FEGAN.	